5. INFORME ECONÓMICO

DESCRIPCIÓN DO BEN E PUNTOS DE PARTIDA PARA O PROXECTO (E PLAN) DIRECTOR DA RESTAURACIÓN E/OU REHABILITACIÓN DO CONXUNTO DA CASA GRANDE DE CIMADEVILA (TRASALBA). Xuño 2019.

I. **PUNTOS DE PARTIDA PARA O PROXECTO** (E PLAN) **DIRECTOR DA RESTAURACIÓN E/OU REHABILITACIÓN DO CONXUNTO DA CASA GRANDE DE CIMADEVILA (TRASALBA), A ELABORACIÓN DO INFORME-MEMORIA E A DOCUMENTACIÓN BÁSICA PARA A DECLARACIÓN DE MONUMENTO** (BIC)

Dende 2015, falábase de levar adiante un traballo integral e interdisciplinar sobre o conxunto conformado pola Casa Grande de Cimadevila e a súa contorna ambiental. Son eses uns traballos que sirven á súa vez para a restauración e conservación (nalgúns casos rehabilitación) de todo o conxunto como parte do legado económico e cultural que é memoria material e inmaterial (Ben de Interese Cultural) de D. Ramón Otero Pedrayo. É dicir, son traballos destinados a organizar a restauración e rehabilitación do patrimonio material-ambiental que fai unha unidade indisociable co conxunto de edificios que conforman a Casa grande que, á súa vez, estrutura e ordena A TODO O LEGADO, xa que se trata dun legado tanto material como inmaterial ou espiritual como así gustaba chamar a xeración NOS. Estes traballos servirán tamén para argumentar e facer valer os valores materiais e espirituais de cara ao relanzamento do expediente de incoación para a declaración de BIC do conxunto conformado pola Casa grande de Cimadevila, actualmente paralizado- aínda que está incoado pola Administración Central dende principios dos anos oitenta- a causa dos cambios administrativos derivados do nacemento do Estado das Autonomías, ocorrido despois desa incoación. Nos documentos que forma parte dos fondos do Arquivo Xeral da Real Academia de *Bellas Artes de San Fernando o ficheiro 7-15-1 da Comisión Central de Monumentos. "Propuestas de declaración de monumentos. Expedientes. De las provincias de Asturias, Murcia, Navarra y Ourense. Contiene 60 expedientes*" para as datas 1978, 1980- 1982, figurando o expediente:

> 32. Trasalba (Ourense): Pazo-museo Otero Pedrayo
>
> http://www.realacademiabellasartessanfernando.com/assets/docs/inventario/inventario_archivo_general.pdf

Bien:	Pazo Museo Otero Pedrago
Comunidad Autónoma:	C.A. Galicia
Provincia:	Orense / Ourense
Municipio:	Amseiro
Entidad local menor:	Trasalba
Categoría:	Monumento
Fecha de Incoación:	27-05-1982
Fecha Boletín Incoación:	28-07-1982
Matiz:	

Ficha do Ben na Base de datos de Bens Inmobles, do Ministerio de Cultura e Deporte

tales como partituras, grabaciones sonoras, etc., que formen parte integrante de la obra realizada.

Art. 9.º Los autores conservan los derechos de propiedad sobre su trabajo. El Ministerio de Cultura podrá, a la vista del interés y nivel alcanzado por las obras realizadas, patrocinar la edición sonora de la totalidad o de determinados fragmentos de las mismas.

Art. 10. Estas ayudas se satisfarán con cargo al crédito 24.04.257 del vigente presupuesto del Ministerio de Cultura.

Lo que comunico a VV. II. para su conocimiento y efectos.
Dios guarde a VV. II. muchos años.
Madrid, 12 de mayo de 1982.-

BECERRIL BUSTAMANTE

Ilmos. Sres. Subsecretario de Cultura y Directores generales de Promoción del Libro y de la Cinematografía y de Música y Teatro.

12301 *RESOLUCION de 11 de febrero de 1982, de la Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, por la que se acuerda tener por incoado expediente de declaración de monumento histórico-artístico a favor del pazo-museo Otero Pedrayo en Trasalba (Orense).*

Vista la propuesta formulada por los Servicios Técnicos correspondientes,

Esta Dirección General ha acordado:

Primero.—Tener por incoado expediente de declaración de monumento histórico-artístico a favor del pazo-museo «Otero Pedrayo» en Trasalba (Orense).

Segundo.—Continuar la tramitación del expediente, de acuerdo con las disposiciones en vigor.

Tercero.—Hacer saber al Ayuntamiento de Trasalba que, según lo dispuesto en el artículo 17 de la Ley de 13 de mayo de 1933 y 6.º del Decreto de 22 de julio de 1958, todas las obras que hayan de realizarse en el monumento cuya declaración se pretende, o en su entorno propio, no podrán llevarse a cabo sin aprobación previa del proyecto correspondiente por esta Dirección General.

Cuarto.—Que el presente acuerdo se publique en el «Boletín Oficial del Estado».

Lo que se hace público a los efectos oportunos.
Madrid, 11 de febrero de 1982.—El Director general, Javier Tusell Gómez.

Segundo.—Continuar la tramitación del expediente, de acuerdo con las disposiciones en vigor.

Tercero.—Hacer saber al Ayuntamiento de Mazarrón que según lo dispuesto en el artículo 17 de la Ley de 13 de mayo de 1933 y 6.º del Decreto de 22 de julio de 1958, todas las obras que hayan de realizarse en el monumento cuya declaración se pretende, o en su entorno propio, no podrán llevarse a cabo sin aprobación previa del proyecto correspondiente por esta Dirección General.

Cuarto.—Que el presente acuerdo se publique en el «Boletín Oficial del Estado».

Lo que se hace público a los efectos oportunos.
Madrid, 15 de abril de 1982.—El Director general, Javier Tusell Gómez.

12304 *RESOLUCION de 5 de mayo de 1982, de la Subsecretaría de Cultura por la que se hace público el fallo de los Premios, «Viajes Culturales por España» para estudiantes de catorce a dieciocho años, correspondientes a 1982.*

A propuesta de la Comisión Asesora nombrada por Resolución de la Subsecretaría de Cultura de 3 de marzo de 1982 se fallan los Premios «Viajes Culturales por España» para estudiantes de catorce a dieciocho años, convocados por otra Resolución de 7 de octubre de 1981, concediendo los Premios a los grupos de estudiantes pertenecientes a los siguientes Centros docentes:

Primer premio.—Ayuda y media, 225.000 pesetas:

«Ex aequo». Colegio Nacional de Prácticas, masculino. Guadalajara.
«Ex aequo», Colegio Salesiano «San José». Salamanca.

Una ayuda, 150.000 pesetas:

Colegio público «Santo Domingo». Alicante.
Colegio público «Santa Isabel». Almería.
Centro de Formación Profesional «San Ramón». Barcelona.
Instituto Nacional de Bachillerato de Cornellá. Cornellá (Barcelona).
Colegio Viaro. San Cugat del Vallés (Barcelona).
Instituto de Bachillerato «Juan de Austria». Barcelona.
Colegio Licenciados Reunidos «San Juan Bosco». Cáceres.
Escuela de Formació... «Molino de Viento». Campo de Criptana. (Ciudad Real).
Escuela Familiar Agraria «Molino de Viento». Campo de Criptana (Ciudad Real).
Instituto de Formación Profesional. Tomelloso (Ciudad Real).

BOE Núm 126 27-05-1982

20470 28 julio 1982 B. O. del E. -Núm. 179

cios Técnicos correspondientes, ha resuelto dejar sin efecto dicho expediente y disponer el archivo del mismo.
Madrid, 3 de junio de 1982.—El Director general, Alfredo Pérez de Armiñán y de la Serna.

19273 *RESOLUCION de 7 de junio de 1982, de la Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, por la que se ha acordado tener por incoado el expediente de declaración de monumento histórico-artístico a favor de la ermita de Nuestra Señora de la Bienvenida, de Monteagudo de las Vicarías (Soria).*

Vista la propuesta formulada por los Servicios Técnicos correspondientes,
Esta Dirección General ha acordado:

Primero.—Tener por incoado expediente de declaración de monumento histórico-artístico a favor de la ermita de Nuestra Señora de la Bienvenida, en Monteagudo de las Vicarías Soria).
Segundo.—Continuar la tramitación del expediente, de acuerdo con las disposiciones en vigor.
Tercero.—Hacer saber al Ayuntamiento de Monteagudo de las Vicarías (Soria) que, según lo dispuesto en los artículos 17 de la Ley de 13 de mayo de 1933 y 6.° del Decreto de 22 de julio de 1958, todas las obras que hayan de realizarse en el monumento cuya declaración se pretende, o en su entorno propio,

19275 *CORRECCION de errores de la Resolución de 11 de febrero de 1982, de la Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, por la que se acuerda tener por incoado expediente de declaración de monumento histórico-artístico a favor del Pazo-Museo «Otero Pedrayo», en Trasalba (Ayuntamiento de Amoeiro-Orense).*

Advertidos errores en el texto remitido para su publicación de la expresada Resolución, inserta en el «Boletín Oficial del Estado» número 126, de fecha 27 de mayo de 1982, página 14059, primera columna, se transcriben a continuación las oportunas rectificaciones:

Tanto en el sumario como en el apartado primero de dicha disposición, donde dice: «... a favor del Pazo-Museo Otero Pedrayo, en Trasalba (Orense) ...», debe decir: «... a favor del Pazo-Museo Otero Pedrayo, en Trasalba (Ayuntamiento de Amoeiro-Orense)».

En el apartado tercero de dicha disposición, donde dice: «... Hacer saber al Ayuntamiento de Trasalba...», debe decir: «Hacer saber al Ayuntamiento de Amoeiro».

BOE Núm 179 28-07-1982

Este obxectivo é desexado tanto pola Fundación Otero Pedrayo como pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A categoría e situación Patrimonial-Cultural actual do conxunto é, ademais de incoado pola administración central, de catalogado (ficha nº 114 do PXOUM) polas normas urbanísticas vixentes, coa categoría de protección: Inventariado. Ambas cuestións, incoación e catalogación, coas súas esixencias de conservación e protección foron sempre tidas en conta nos diferentes proxectos de obras de restauración/rehabilitación levadas a cabo nas décadas de 1980, 1990, 2000 e seguintes.

Na actualidade en base a caracterización levada a cabo no desenrolo do traballo é tido en conta as distintas categorías de Bens Materiais e Inmateriais da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, enténdese como outra posibilidade de orientar a futura declaración de BIC na categoría de Territorio Histórico, non obstante a converxencia das características das distintas categorías de ámbito territorial que converxen ca de Territorio Histórico enriquecen a hora de describir os valores que coinciden coa esta categoría, e faise ineludible converxer cos que singularizan as outras. Por iso na descripción dos valores descritos para a valoración de Ben de

Interés Cultural xurden ineludiblemente.

Artigo 8. Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia

1. Os bens do patrimonio cultural de Galicia, aos que fai referencia o artigo 1.2, poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados.

2. Terán a consideración de bens de interese cultural aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido nesta lei.

Os bens de interese cultural poden ser inmobles, mobles ou inmateriais.

Artigo 10. Categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados

Os bens inmobles declarados de:

c) Sitio histórico: o lugar vinculado a episodios relevantes do pasado, a tradicións populares ou a **creacións culturais singulares de interese histórico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, etnolóxico, antropolóxico ou científico e técnico**.

i) Territorio histórico: o **ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante** polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico.

h) Paisaxe cultural: o **lugar identificable por un conxunto de cualidades**

culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medionatural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade.

Podendo ser algunha das tres categorías sinaladas enriba, toca agora a redación conxunta entre a Administración Autonómica, a Fundación Otero Pedrayo e o equipo redactor, a concreción da categoría de Ben de Interese Cultural que mellor colla o sentir da realidade histórica e cultural do conxunto conformando como Casa Grande de Cimadevila sobre unha unidade paisaxística singular como é Bocarribeira entre os Chans de Amoeiro, a ribeira do Barbantiño ao oeste e o Miño polo sur. A primeira referencia foi a de sitio histórico, pero despois dunha letura sosega e profunda das outras dúas categorías, vese que están incluídos tamén conceptos correspondentes a definición de territorio histórico. En calquera caso calquera das categorías coincidiría nas singularidades que a lei define para cada unha deles. Este equipo redactor partiría inicialmente da proposta como Territorio histórico a sabendas que algunhas características das outras categorías estarán ímplicitas.

A normativa da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia amplía os grados de caracterización e protección entorno O BIC delimitado, que soporta e estrutura espacialmente o territorio e/ou como as características do territorio formalizaron espacialmente ao BIC (Sitio histórico-Territorio histórico). O traballo recomenda a interpretación territorial e espacial de aquelas estruturas que soportan ao BIC delimitado, feito que a Lei denomina como Contorna e Zonas de amortecemento.

A primeira é obrigado pola consustancionalidade do Ben e a segunda é discrecional. Tanto a primeira como a segunda poderían ser susceptibles para o seu ordenamento e conservación-protección da realización dun Plan Especial de conservación ou protección. Na actualidade **a catalogación feita polo PXOUM** e a determinación das súas zonas de protección, conteñen unha **serie de pautas gráficas e urbanísticas que están nunha liña de conservación de tódolos valores territoriais e culturais** que teñen este ámbito, non obstante como directrices deberían revisarse a terminoloxía que

a lei require a un BIC.

Este traballo, en consecuencia a todas estas reflexións e valores derivados, está na liña de definición como BIC dos predios importantes de D. Ramón Otero Pedrayo, é dicir a Casa Grande de Cimadevila, o xardín, a horta, o viñedo, a seara e o souto (dividido en dous pola estrada de comezos do S. XX). Como contorna de protección e conservación desta unidade estaría o lugar de Cimadevila, Fondo de Vila, Penouzas, O Outeiro, Albeiros, Bergueira ...que na actualidade urbanística esta aceptablemente no PXOU de Amoeiro.

Como verán vostedes calquera destes categorías patrimoniais encaixaría perfectamente para significar a casa Grande de Cimadevila. Non obstante escoller a categoría de Monumento sería pertinente pois é a que tipificouse para Casa Grande de Cimadevila na incoación de 1982 ante a Administración Central, segundo era a costume de nomear ou categorizar culturalmente e patrimonialmente de forma xenérica, case globalmente, pola Xeración Nos e as Comisións de Monumentos Provinciais a esta categoría un inmoble como este de interese cultural. De unhas maneiras ou outras que se escollera, cada unha servirían para definir as características e valores que concorren neste inmoble, como poderemos apreciar no desenrolo do Plan Director e logo PROXECTO DIRECTOR.

Todos os valores que definen estas categorías, na totalidade, atinxen ao conxunto do inmoble a delimitar como BIC, e logo conservar-restaurar. Todo elo tense en conta, todos eses valores para a caracterización dos propios de Cimadevila. Non se nos escapa o aspecto de exemplaridade que concorre neste expediente e que nos toca a todos, dende a propia Editorial Galaxia, Fundación Penzol, a Fundación Otero Pedrayo e as Administracións tamén locais e culturais que concorren no Padroado, pero en especial a Administración mentora deste Plan Director, a Secretaría Xeral de Cultura, poñer en valor e facilitar o futuro administrativo deste Identitario BIC.

Ao converxer estes valores na paisaxe íntima e literaria que foi de Don Ramón Otero Pedrayo reavivarase a propia obra, a vida e sociedade cultural súa e a interpretación critica e espacial especial do legado inmoble, contorna e zona de amortecemento inseparables do concepto ou idea de BIC pero sobre todo da idea xeográfica, tan celebrada por D.Ramón, de Bocarribeira.

Ca ollada ao són toponímico da obra poética e de prosa de Don Ramón conquistarase ou capturase o valor cultural e patrimonial, "monumental" da paisaxe íntima e literaria é dicir a de esta "Paisaxe Identitaria", é mais neste caso a Paisaxe antropizada de "bocarribeira", neste caso articulada ou arquiteturizada pola casa Grande de Cimadevila.

Unha vez feita a delimitación que convén desta unidade "monumental" cos criterios da propia lei do Patrimonio Cultural Galego os estudios previos, (Plan director), como xa dixemos antes, o traballo establece a contorna de protección e a zona de amortecemento da delimitación e da contorna. Isto ven a conta pois as características que concorren neste BIC é mais que seguro que é pertinente.

Avalían estas sospeitas previas o feito que se ven manifestando, dende mais enriba, ao falarse da paisaxe íntima e literaria que concorre material e inmaterialmente na paisaxe de Bocarribeira antropizada e articulada a traveso e dende a Casa Grande de Cimadevila, a obra literaria e sobre todo poética de Don Ramón Otero Pedrayo como Bocarribeira (Galaxia, 2005); dramática como A Lagarada (Nós volume XIX, 1928); científica como Paisaxe e Cultura (Galaxia, 1955 e 2009); guías como A Guía de Galicia (Madrid 1926, Santiago 1945, Vigo 1954 1965 Galaxia….).

Augusto Casas nun articulo de La Noche lembra de Don Ramón que dí…"nos dice que la casona solariega está construida con una arquitectura conforme con esta concepción de la vida: Una antigua, bella y misteriosa casa solo puede sentirse y apreciarse e en consonancia con el paisaje , Así es el pazo de Trasalva donde vive y escribe Ramón Otero Pedrayo"

Anxo Angueira no limiar de Bocarribeira nos dí…"Escolleu de primeiras Otero a verba-cifra do seu universo poético, da súa xeografía. Bocarribeira é xeografía, é terra no tempo, paisaxe. Podemos achegarnos á súa definición por varias páxinas da Xeografía(1962) oteriana" en definitiva:

"Bocarribeira: herdade, souto,

laxe, sol mañanceiro, parras de

caiño, eira soante , leda muiñaxe,

feiras raiosas, gosto do camiño…

Moza souril de avó na serra albeira

e noivo garanduxo na ribeira"

/Bocarribeira(Galaxia,2005)

Ou tamén, en definitiva:

…"Chegamos nesta procura de lei nas formas ó concepto de Bocarribeira , un dos aspectos e composicións de paisaxe máis nosos pola graza e leda potencia de expresión, pola fartura e acompasamento das formas e os procesos en éxtases raiosas , vistosas, por seren a zona de contacto onde nin remata a montaña en facies duras, nin morre melancolicamente a ribeira, pois entreambas se conxugan na graza de síntese de bocarribeira. Fai falla unha terra de moita e longa historia cósmica para podérense desenrolar nela estas formas de amorosa humanización. Nas cordilleiras cantábricas non hai bocarribeiras". (Paisaxe e Cultura,Galaxia 2009)

As peculiaridades e autenticidades que converxen na simbiose homes e mulleres, paisaxe, arquitectura, xardinería, procesos agrícolas, sociais, culturais, institucionais… están hoxe documentados e contidos en un gran documento construido en unha paisaxe xeolóxica e antrópica singular e identitaria que obriga a conservase, recrearse incluso, pero tamén restaurarse. Pero, ¿como levalo a cabo?

A lei do Patrimonio Cultural Galego entra con rigor e claridade a orientalo. O desenrolo dos criterios evolucionados dende o século XIX a partires da dualidade da conservación estrita de Ruskin e da restauración en estilo, estilística de Violet L´ Duc, os criterios souberon encontrarse nun modo de síntese de "bocarribeira", diríamos nunha forma de amorosa conciliación.

Por tal motivo o Proxecto Director inclúe un informe:

Trasalba no concepto Oteriano da paisaxe de Galicia:

- A lei do río Miño, máis abaixo o solemne Miño central.
- O achegamento ao val do Barbantiño.
- O concello de Amoeiro.
- A parroquia de San Pedro de Trasalba e o conxunto da Casa Grande de Cimadevila.
- A percepción dun Territorio Histórico, como Ben de Interese Cultural.



F001. VISTA DENDE SOUTOMANCO, RIO MIÑO (2018)
F002. VISTA DENDE SOUTOMANCO, BARBANTES Y CASTRO DE SAN CIMBRAO DE LAS (2018)

Por todos estes aspectos a lei do Patrimonio Cultural Galego además de todo o descrito anteriormente determina unha serie de informes mínimos que establecen os **criterios** para garantir a **conservación** e **restauración** dos bens (Artículo 44. Criterios de intervención nos bens) que como ideas preproyectuais están orientando este traballo.

- ***Respecto polas súas características esenciais*** *e polos aspectos construtivos, formais, volumétricos, espaciais e funcionais que os definen. Procurarase sempre a aplicación do criterio de mínima intervención nos bens artísticos.*
- ***Conservación das contribucións de todas as épocas existentes*** *no ben. Excepcionalmente poderá ser autorizada a eliminación dalgunha contribución de épocas pasadas no caso de que supoña unha degradación comprobada do ben e de que a dita eliminación sexa necesaria para permitir a súa adecuada conservación e a súa mellor interpretación histórica e cultural. As partes eliminadas quedarán debidamente documentadas.*
- *Preferencia pola utilización* ***de técnicas e materiais tradicionais****.*
- ***Compatibilidade dos materiais, produtos e técnicas*** *empregados na intervención cos propios do ben e os seus val ores culturais e pátinas históricas.*
- *Discernimento da adición de materiais e técnicas empregados,* ***evitando*** *as* ***adicións miméticas*** *que falseen a súa autenticidade histórica.*
- ***Reversibilidade*** *das accións de forma que poida recuperarse o estado previo á intervención. Este criterio será prioritario ao deseñar actuacións de conservación e restauración.*
- ***Compatibilidade*** *do seu uso coa conservación dos valores que motivaron a súa protección.*
- ***Non se utilizarán ou aplicarán técnicas e materiais agresivos*** *coas pátinas de valor cultural e cos materiais orixinais ou incompatibles coa debida conservación dos bens.*
- *A reconstrución dun ben destruído por conflitos, catástrofes naturais ou causas intencionadas ou fortuítas poderá autorizarse excepcionalmente por razóns de interese social, cultural ou educativo.*

Todos estes criterios que estiveron implicitos durante a vida da Fundación nas obras de rehabilitación e adaptación ao funcionamento da Fundación Otero Pedrayo.

Para a sistematización e realización de todo este traballo, o contrato do Proxecto Director contaba cun **pliego de Condicións técnicas** onde se describían e definían unha serie de aspectos básicos a tratar na elaboración do documento, estes son os que se relacionan a continuación e que conformaron o eixo vertebrador deste traballo:

1. **Análise gráfica**, atendendo a descrición do conxunto, da súa topografía e ordenamento espacial.

2. **Análise Fitolóxica,** atendendo á bioloxía das especias vexetais presentes e á recuperación, potenciación e conservación.

3. **Análise Histórica-Cultural,** atendendo á recollida sistematizada da documentación e á caracterización dos elementos físicos e intanxibles que constitúen testemuño dos valores culturais presentes no conxunto de predios e inmobles presentes.

4. **Análise Arquitectónica,** atendendo a descrición dos espazos construídos e aos axentes do deterioro que poden estar afectando aos distintos espazos construídos ou agrarios, especialmente aqueles derivados das circulacións das augas, niveis freáticos e planificación dos espazos libres co obxecto de conservar, recuperar e poñer en valor e uso os espazos agrícolas ou de goce e ocio..

5. **Caracterización dos axentes de deterioro** das edificacións e dos distintos espazos construídos ou libres existentes, así como unha proposta do seu deseño de ordenación, para garantir a súa conservación, recuperación, restauración e/ou rehabilitación, xunto cos distintos usos e necesidades funcionais presentes.

Además neste pliego de condicións defíníanse como obxeto do traballo a realizar para a coordinación dos traballos, a recollida de información, diagnose e propostas.

6. Coordinación **e dirección** dos distintos traballos, informes e posibles proxectos ou propostas interdiciplinares.
7. Recollida **sistemática de información e documentación**: Informe histórico-artístico, Informe Histórico-espacial, informe e situación dos diferentes usos históricos e actuais.
8. **Diagnose** e elaboración dun **xuízo crítico sobre o valor cultural e patrimonial e estado de conservación.**
9. Proposta **de proxectos xerais de actuación**, destinados a eliminación ou corrección de humidades e patoloxías das edificacións presentes e á ordenación dos espazos libres, agrícolas e de xardín. Desenvolvidos ao nivel de proxecto básico.
10. Coordinación **e elaboración das bases documentais e técnicas para o expediente de declaración de BIC** a desenvolver de oficio pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Referentes aos puntos 8 e 9 nomeados anterioremente, a proposta do proxecto director os significa, para acometer por unha parte **A diagnose** da conservación-restauración do aspecto e valores medioambientais que soportan ao recinto edificado: muralla e conxunto edificado chamado Casa Grande de Cimadevila tanto interiores como exteriores; xardín, viña, horta, patio, prado, souto etc., como da contorna e incluso da zona de amortecemento (espazos libres, camiños …, mais relacionados ca unidade do conxunto de Cimadevila). Tamén deste xeito desenrolar **As propostas** tanto da arquitectura edificada como da arquitectura ambiental e/ou paisaxística do rico patrimonio material inmoble e moble así como o patrimonio inmaterial evocado claramente polos outros informes encargados pola consellería de Cultura. Establecese unha programación para un cuatrienio para a conservación-restauración material e

inmaterial do Ben de interés Cultural, **Paisaxe Cultural da Casa Grande de Cimadevila**.

INFORMES TÉCNICOS:

NATUREZA XURÍDICA DOS BENS DA FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

Sobre a natureza xurídica dos bens que conforman a dotación fundacional da fundación elaborado a partir das notas Facilitadas por D. Antón Vidal Andión.

Índice da descrición:

- **Natureza Xurídica Bens FOP.-**
- **Testamento D.Ramón.-**
- **Constitución FOP .-**
- **Inventario dos Bens Dotacionais.-**
- **CONCLUSIÓN.-**

LEVANTAMENTO GRÁFICO:

Atendendo a descrición do conxunto, da súa topografía e ordenamento espacial realizouse un traballo de Definición e ubicación xeométrica das distintas edificacións, estruturas e murallas da finca situada na súa estrutura territorial: patio, viña, eira, paseos, xardín, horta, prado, carballeira de ámbolos dous lados da estrada, etc, así coma da localización das distintas especies de plantas e árbores.

O traballo desenrolado serviu como base para as areas de estudo fito-biolóxico, o informe histórico-cultural e o analise arquitectónico. Ademáis permanece como valor documental do estado da Casa Grande de Cimadevila, na data de elaboración. E como base e ferramenta para posibles estudos e traballos que se deriven do Plan Director ou nun futuro. E sobretodo para a delimitación gráfica do

conxunto, elaboración da información imprescindible para a proposta de incoación de BIC, base para posibles traballos de edición, folletos, memorias,..., en formato papel, audiovisual, etc necesarios para o estudo, promoción e difusión do ben.

O traballo desenrolado por Xeometrica Control Metrico, S.L. levouse a cabo segundo a análise pericial do campo realizada e establecéronse os lindeiros:

NORTE Parcela/s do Pazo Trasalba.

LESTE Antigo camiño de terra. Estrada. Propiedades particulares en plano superior

SUR Camiño(asfaltado/formigón de acceso a fincas e outras parcelas a labor e baldío

OESTE Parcela/s a labor e baldío en plano inferior.



Ilustración 1 Esquema en planta da Casa Grande de Cimadevila e os límites do predio. Xeometrica Control Metrico, S.L.

A TOPOGRAFÍA DE DETALLE.

A documentación xeométrica realizouse desenvolvendo topografía de detalle, aplicada tanto á planimetría como á altimetría do ámbito. Metodoloxía caracterizada pola definición absoluta de tódolos elementos de digna representación gráfica a escala 1:200, 1:250 existentes a data/s da toma/s dos datos de campo. A documentación xeométrica alcanza ao ámbito estudado da Casa Grande e o circundado inmediato, baseándose nas

necesidades observadas aos efectos dun correcto análise métrico.

RADIACION. TOMA DE DATOS

Previa inspección en campo, pola parte do técnico responsable, do ámbito a documentar e o análise das necesidades xeométricas do estudo técnico a realizar, desenrolouse unha metodoloxía de traballo baseada na densificación de nubes de puntos 3D de precisión a cor real. Para elo radiáronse miles de millóns de puntos topográficos XYZ+RGB segundo o emprego dun equipo láser escáner 3D industrial, que bota unhas medicións reiteradas perfectamente incluídas baixo as tolerancias adecuadas á calidade do traballo presentado (e>3mm).

A radiación de puntos topográficos alcanzou a totalidade do ámbito de interese ao proxecto. Así mesmo, a partir desta toma de datos masiva, extraéronse tódolos datos xeométricos de interese a conformalo estado actual de detalle dos terreos e estruturas ligados á Casa Grande de Cimadevila.

Indicar aquí, que esta toma de datos alcanzou a definir tamén, e no mesmo sistema de referencia, a situación interior das edificacións existentes dentro da parcela a excepción da Casa Grande, que foi definida unicamente na súa parte externa.

Aplicando a topografía clásica, optouse por establecer un único sistema de referencia absoluto cartográfico estendido tanto ao terreo coma as estruturas das edificacións existentes. Este sistema de referencia basease nun sistema de proxección e coordenadas ETRS89 UTM29. Definiuse segundo o emprego dun equipo profesional GNSS VRS de precisión subcentimétrica.



Ilustración 2 Puntos de colocación da estación para a toma de datos. Polos de radiacion 278. Puntos 3D 3.592.309.933

ACERCA DA PLANIMETRÍA

A proposta técnica para a realización do Proxecto Director sinalaba como imprescindible:

> *"...contar cunha planimetría completa e actualizada que permita describir a totalidade da finca, a súa topografía, distribución e usos. Os planos a realizar deben permitir representar conxuntamente todas e cada unha das edificacións (existen planimetría completa de todas elas) xunto cos espazos libres e as árbores, elementos característicos do uso agrícola, mobiliario, fontes, valos, muros e o resto de elementos presentes."*

Pois

> “a edificación principal, xunto coas construcións adxectivas da casa grande orixinal, propias da súa actividade agraria; os espazos de cultivo: horta, pradería, viña e xardín; e as escasas e ben integradas construcións e obras contemporáneas que permiten desenvolver o uso cultural ao que agora está dedicada, xunto coa tapia ou muro que arrodea todo o predio constitúen un conxunto harmónico que ilustran e testemuñan de forma singular e con autenticidade a estrutura propia destas edificacións.“

Co obxetivo de ter un traballo o máis exacto debuxáronse unha vez obtido o levantamento topográfico, en verdadeira magnitude a proxección ortogonal dos elementos físicos de deslinde, dos muros, das edificacións propias da Fundación Otero Pedrayo a Casa definiuse en alzados, pranta exterior e pranta de cubertas, así como a carpintería. No resto das edificicacións definironse os seus alzados, carpinterías, e a distribución interior da Biblioteca, caldeiras, Cantina, aseos, tenda e alpendre. Quedando pendente, como proposta, a verificación do levantamento interior das diferentes estancias da Casa Grande, así como dos canastros. Traballo realizado e completado pola equipa de arquitetura, así como a definición de diferentes tramos dos muros lindeiros da propiedade ou o remate da mampostería das diferentes edificacións que por mor da cantidade de vexetación en superficie no momento en que se fixo o levantamento topográfico non foi posible capturar esta información.

Tamén se definiu o Camiño Real que pasa pola cara leste do Pazo.

Así mesmo Definíronse tódolos elementos relacionados aos servizos urbanos: sumidoiros, luminarias, carteis e rótulos, bancos e mesados de pedra, etc... Estes elementos

indicáronse en verdadeira magnitude, e daqueles que son máis representativos fixerónse fichas descritivas no análise arquitetónico.

Definíronse os árbores ornamentais de interese patrimonial botánico da finca, servindo como base para os traballos dos informes e propostas Fito-biolóxico e arquitetonicas.

Definíronse os muros de pedra das estruturas relacionadas a Casa Grande e a súa finca. Cada unha das pedras foi debuxada a man e vectorizada en verdadeira magnitude, recollendo así, tanto nos alzados, coma na planta do levantamento topográfico de detalle, o despece verdadeiro da pedra dos muros e chans. Nesta primerira fase, nos casos necesarios, indicáronse os contornos de maleza delimitando as zonas non accesibles segundo esta vexetación agreste. Logo cumprimentada nos traballos de definición arquitetónica.



Ilustración 3 Alzado realizado nos levantamentos topográficos.



Ilustración 4 Alzado sur completado.

Tal como figura na memoria “informe Pericial” os equipos utilizados para obter os datos foron:

- Láser escáner 3D robotizado.
- Trimble S6 DR300+ robotizada.
- Trimble GPS R8 GNSS VRS.
- Trimble Integrated Surveying

Este “Estudo Tecnico Para Documentacion Xeometrica 2d/3d De Precision De: Casa Grande De Cimadevila. Fundacion Otero Pedrayo” ten como índice os seguintes puntos.

CONTIDO DO INFORME

1. BASICO
   1.1. OBXECTO 3
   1.2. PETICIONARIO 3
   1.3. DATAS 3
   1.4. ESTRUTURA DO DOCUMENTO 3
2. AMBITO 4
   2.1. IDENTIFICACION DO AMBITO: 4
3. ENXEÑEIRO - PERITO 5
4. DESLINDE PERICIAL 6
   4.1. LIMITES DE PROPIEDADE REAIS 6
   4.2. LINDEIROS ACTUAIS 8
   4.3. SUPERFICIES 9
5. CONSIDERACIONS DE INTERESE 10
6. MARCAXE DE LINDES 11
7. METODOLOXIA 12
   7.1. CONCEPTO DA TOPOGRAFIA DE DETALLE 12
   7.2. RADIACION. TOMA DE DATOS 12
   7.3. LEVANTAMENTO TOPOGRAFICO. PLANIMETRIA 13
8. MAQUINARIA INDUSTRIAL 16
   8.1. EQUIPOS DE CAMPO 16
9. SINATURA E DECLARACION XURADA 17

10. PLANOS E ARQUIVOS EN FORMATO DIXITAIS

LOCALIZACIÓN E INFORME FITO-BIOLÓXICO.

Atendendo as necesidades para a redacción deste Plan Director para a Casa Grande de Cimadevila, a Fundación Otero Pedrayo plantexou a necesidade da realización dun estudio sobre o estado actual e a evolución histórica dos espacios verdes da propiedade, deste xeito o recollía a proposta técnica para a elaboración do traballo que desenvolveu a empresa especializada HIFAS DA TERRA S.L., desenrolando o traballo o equipo técnico; Francisco Fernández de Ana Magán – Dr. Enxeñería de Montes / Historia, Esteban Sinde Stompel - Dr. CC Biolóxicas / Dipl. Enxeñería medioambiental e Enrique Fandiño Cerqueira - Enxeñeiro Forestal

"É imprescindible contar con un informe especializado que identifique, caracterice e analice o estado de conservación e vital das distintas especies botánicas presentes, en especial das árbores, así como das posibilidades e necesidades de transformación ou adaptación do terreo e solos para conseguir a recuperación e posta en valor dos espazos agrarios e de ocio (xardíns e patios) existentes.

O obxecto do informe será:

- *Identificación e caracterización das diferentes especies botánicas existentes.*
- *Descrición do espado de conservación xeral*
- *Patoloxía xeral*
- *Determinación das distintas patoloxías, axentes de deterioro e lesións presentes*
- *Proposta de conservación, restauración e/ou rehabilitación do espazo agrario*
- *Conclusións e propostas*

- *Criterios xerais para a realización dos distintos proxectos (futuros) de recuperación ambiental e para a redacción dun plan de conservación preventiva dos distintos espazos agrícolas presentes.“*

prego de proposta técnica para o Proxecto Director da Casa Grande de Cimadevila

A premisa máis importante deste estudio é definir cómo conservar aqueles valores de uso, elementos paisaxísticos e botánicos, que permitan interpretar as vivencias que D. Ramón tivo na súa estadía en Cimadevila.

O proxecto completo de restauración e planificación deste entorno natural e patrimonial pretendeu aunar os intereses da actual Xunta Rectora da Fundación cas premisas do Instituto de Restauración e Conservación de Bens Culturais da Consellería de Cultura. Neste sentido dividiuse en dous puntos: Primeiro inventariación e unha segunda de propostas.

Parte I- Estudio Informativo

Levantamento planimétrico das especies vexetais

Datos históricos da vexetación, hortas e xardíns

Catalogación dos principais elementos vexetais

Estudio botánico do conxunto

Parte II- Propostas de actuación

Intervención con carácter de urxencia

Intervención a medio prazo para o aproveitamento dos espacios verdes

Propostas de restauración dos elementos danados e revalorización do entorno (paneis informativos, novas plantacións,...)

Proposta de aproveitamento integral

Este estudio é fundamental para poder elaborar as propostas de actuación futura, xa que as especies escollidas para os novos espacios verdes, paneis informativos ou a proposta de aproveitamento integral do entorno natural dependerán directamente dos datos recopilados neste traballo.

Coñecendo a historia das Casa Grande e a orixe e estado de conservación das especies vexetais que se conservan na actualidade poderá plantexarse unha planificación futura baseada no respeto e o coñecemento deste importante enclave, axudando así ós visitantes a interpretar a vida e a inspiración que D. Ramón atopou nesta fermosa paraxe.

Neste completo informe fito-biolóxico elaboraronse as fichas dos individuos con valor patrimonial polas súas características de:

- Monumentalidade do exemplar. Calcúlase tendo en conta o seu porte, fundamentalmente cos datos do seu perímetro e altura.

- Importancia histórica da árbore. Nos casos, nos que ainda non sendo un individuo monumental, o exemplar teña algun valor relacionado ca introducción da vexetación nas Casa Grande ó longo da historia dos actuais xardins.

- Situación dentro dun enclave ou formación ornamental de valor. Esto acontece cando os elementos vexetais se atopan formando parte dun paseo ou unha estructura anterga do xardin, polo que deben manterse como parte dela.

- Especial interese para os futuros xardins. Ainda que o individuo non teña especial relevancia na actualidade sí pode tela, tendo en conta a planificación dos futuros xardins.

Tamén se definíron os criterios xerais para a realización dos distintos proxectos de recuperación ambiental e plan de conservación preventiva da eira e viña, paseos e xardín, prado, carballeira de ámbolos dous lados da estrada, etc.

Además elaborouse un orzamento para a intervencion nos xardíns e hortas do pazo de trasalba tras unha primeira actuación de avaliación na contorna do Pazo de Trasalba por parte de Hifas da Terra, e realizados os pertinentes traballos (informe fitosanitario, plan de aproveitamento e conservación, estudo de configuración, deseño dos diferentes espazos e recollida de mostras) realizouse unha proposta de actuación en campo para levar a cabo tódolos traballos precisos e así acadar os obxectivos plantexados. Preséntanse os correspondentes orzamentos para a realización de estas tarefas en dúas anualidades, además traballos anuais de mantemento dos xardíns e plantacións.

O índice do traballo é o que continuación se describe, documentación anexada en soporte informático a este traballo do Proxecto Director.,

INDICE

1. **LIMIAR**

2. **EVOLUCIÓN DA VEXETACIÓN NA PAISAXE DE TRASALBA**

3. **INVENTARIO E CATALOGACIÓN DO ARBORADO E BIOTOPOS**

3.1. Método de mostreo: Esquemas e fichas

3.2. Propostas futuras de inventariación

3.3. Biotopos existentes na Casa Grande e reseña histórica

4. AVALIACION DO ESTADO DO ARBORADO

4.1. Problemas Patolóxicos

4.2. Problemas de Equilibrio

4.3. Perigosidade

4.4. Problemas Estéticos

5. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN SOBRE O ARBORADO

5.1. Poda de conservación

5.2. Tratamentos sanitarios

5.3. Reposición de vexetación / Eliminación de plantas

6. PLAN DE APROVEITAMENTO

6.1. Restauración e posta en valor dos biotopos tracionales

6.2. Concepto de uso didáctico/sostenibilidade

7. ORZAMENTO PARA A INTERVENCION NOS XARDÍNS E HORTAS DO PAZO DE TRASALBA.

8. BIBLIOGRAFÍA

9. ANEXOS

9.1. Fichas de valoración do estado e esquemas de campo das árbores:

9.1.1. Plátano

9.1.2. Ciprés de Lawson

9.1.3. Teixos

9.1.4. Laranxeiras

9.1.5. Magnolio

9.1.6. Camelios

9.1.7. Tileira

9.1.8. Freixos

9.1.9. Carballo

9.1.10. Moreira

9.1.11. Maceira

9.1.12. Buxos

9.2. Planos

9.2. Planimetría propostas de actuación:

9.2.1. Plano 1 - Plano de zonación de usos da Casa Grande

9.2.2. Plano 2 - Plano de localización das árbores

9.2.3. Plano 3 - Plano de propostas de uso / posta en valor

MODELO EXEMPLO DAS FICHAS DAS ARBORES MONUMENTAIS

<table>
<tr><td colspan="4">FICHA DE VALORACIÓN DO ESTADO DA ÁRBORE Nº: 1 Especie: Platanus hybrida (Plátano)</td></tr>
<tr><td colspan="4">Data de mostreo: 12/07/2018 Hora de inicio: 11:40 Hora de finalización: 11:52</td></tr>
<tr><td colspan="4">A. CARACTERES DASOCRÁTICOS</td></tr>
<tr><td>A1- Altura total:
7 m</td><td colspan="2">A2- Altura do fuste ata a 1ª pola:
4 m</td><td>A3- Perímetro á altura do peito:
2,50 m</td></tr>
<tr><td colspan="2">A4- Nº de polas estructurais:
0</td><td colspan="2">A5-Idade aproximada (anos):
25 anos</td></tr>
<tr><td colspan="4">B. CARACTERES SANITARIOS / SINTOMATOLOXÍA</td></tr>
<tr><td>B1- Grado de defoliación:
0-25%</td><td colspan="2">B2- Polas estructurais mortas:

Total de polas mortas:
------</td><td>B3- Vigorosidade:
Moi vigoroso</td></tr>
<tr><td>Da
DANOS
ABIÓTICOS</td><td colspan="3">Identificación (Tronco A/ Polas a :A1....A1,n / a1,n)
Nº segundo o tipo de dano:
1-Pola seca/tocón 2-Rachaduras e fendas 3-Defecto estructural 4-Ferida/Golpe
5-Cavidade 6-Poda mal feita 7- Raiz danada

I. A/3 II. A/5 III. A/6 IV. A/7</td></tr>
<tr><td>Db
DANOS
BIÓTICOS</td><td colspan="3">Identificación (Tronco B/ Polas b :B1....B1,n / b,1n)
Nº segundo o tipo de dano:
1-Insectos 2-Cancro 3-Ferida 4-Potra 5- Podremia 6-Carpóforos 7-Secreción

Observacións: non se observan danos bióticos significativos.</td></tr>
</table>

C. Características do entorno (nun perímetro de 3 m. do tronco):

A árbore atópase ó pe da parte de fora da entradae da casa, a rente o camiño real e moi preto do muro de pedra que pecha o predio.

Fungos patóxenos/micorrícicos/saprófitos: ------ Flora (arborado bosque): ------ Fondura do solo: ------	Fauna / Pegadas / restos animais: ------ Calidade de estación: Regular Labores / obras feitas no entorno: Muro antigo de pedra

Envío de mostras ó laboratorio:

Non X Sí □ - Código..... Descripción:

D. DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO XERAL

DIAGNOSE (Axentes patóxenos/Efectos/Danos):

Este árbol recibiu unha forte demouca, probablemente para asegurar a integridade dos tellados que se poidan atopar preto do mesmo. Este tipo de poda fai que non existan polas estructurais se non unha gran cantidade de gomos. O máis preocupante é un corte que non cicatrizou correctamente no que se observa unha podremia interna e un oco polo que entra o auga. O adecuado sería realizar un furo que impida a acumulación de auga no interior.

Además dos danos que se indican, aparece no tronco unha posible queimadura que debilita a casca.

E. INDICACIÓN DE TRATAMENTO SOBRE OS DANOS IDENTIFICADOS

Indicación do tipo de tratamento e a súa prioridade (...,...), sobre os danos abióticos e bióticos descritos na sintomatoloxía (Da + Db)

TIPO de Tratamento:

-**0** Seguemento/evolución do dano

-Físico: **1**-Poda **2**-Eliminación de zonas mortas **3**-Drenaxe

-Químico: **4**-Selado con pasta **5**-Tratam.fitosanit. **6**-Desinfeción **7**-Innecesario

Prioridade: **1**-Urxente **2-**A Curto Prazo **3-**A medio Prazo **4-**Innecesaria

Da I 3 , 3 **Db** I 4 , 3 Observacións: A medio prazo sería preciso realizar un furo a modo de drenaxe que impida a acumulación de auga no interior da cavidade que presenta a árbore. Por outro lado, para previr futuras podremias se debe aplicar nos cortes de maior diámetro que se observan na copa deste exemplar unha pasta selante.
Total Danos bióticos de Prioridade + Total Danos abióticos de Prioridade **Urxencia da actuación - Da** + **Db =** A medio prazo
OBSERVACIÓNS / RESULTADO DAS MOSTRAS DE LABORATORIO:

ANÁLISE HISTÓRICA-CULTURAL:

Realizouse unha memoria histórica dos séculos XIX e XX “A casa Grande de Cimadevila

Transcendencia literaria e histórica da casa e da contorna”, Patricia Arias Chachero e Julio Prada Rodríguez.

Analizaronse os valores culturais sobranceiros do Lugar de Trasalba e da Casa Grande de Cimadevila vinculados a vida e obra de D. Ramón Otero Pedrayo, para entender a dimensión da paisaxe cultural na vida de D. Ramón Otero Pedrayo.

> *A aldea de bocarribeira revélasenos logo, como un entorno privilexiado para achegarse ao escritor, á súa vida e a súa obra, a casa devén o soporte da memoria histórica dunha época e o entorno vólvese patrimonio literario, constituínte innegable da identidade dunha comunidade, a galega. Por todo isto, no presente documento tentaremos demostrar que a elección deste conxunto para a súa declaración de Ben de Interese Cultural, fundaméntase, en primeiro termo, na súa significación histórica, na súa vinculación coa figura de don Ramón Otero Pedrayo, na súa omnipresenza no seu facer literario e, ao tempo, no feito de ser testemuña muda das grandes transformacións económicas, sociais e culturais que experimentou Galicia dende a segunda metade do século XVIII.*
>
> *.....*
>
> *Ramón Otero Pedrayo. Segundo el (1955: 50) a bocarribeira é:*
>
> *Un dos aspeitos e composiciós de paisaxe máis nosos por a graza e leda potenza de espresión, por a fartura e acompasamento das formas e os procesos en estaxes raiosas, vistosas, por seren a zona de contaito onde nin remata a montana en facies duras, nin morre melancónicamente a ribeira pois estramas se conxugan*

na gracia de síntesis de bocarribeira. Fai falla unha terra de moita elonga historia cósmica pra podérense desenrolar nela istas formas de amorosa humanización. Nas cordilleiras cántabras non hai bocarribeiras.

"A casa Grande de Cimadevila. Transcendencia literaria e histórica da casa e da contorna", Patricia Arias Chachero e Julio Prada Rodríguez.

Para realizar esta extensa análise Histórica-Cultural, atendeuse á recollida sistematizada da documentación e á caracterización dos elementos físicos e intanxibles que constitúen testemuño dos valores culturais presentes no conxunto de predios e inmobles presentes.

Profundizouse na importancia da Xeración Nós, indicada polo presidente da Fundación Otero Pedrayo D. Juan Luis Saco Cid, no contexto histórico da Casa Grande de Cimadevila e finalmente analizouse o percorrido da Fundación Otero Pedrayo dende os seus orixes.

Fíxose además un cadro do contexto histórico cultural que comprende dende que Feliciana Noboa nomea herdeiro ao seu home, Antonio Boán Araúxo, no ano 1666, ata o día 17 de Maio de 1988 coa celebración do Día das Letras Galegas a D. Ramón Otero Pedrayo.

CRONOLOXÍA

	BIOGRAFÍA	BIBLIOGRAFÍA	POLÍTICA E ECONOMÍA	SOCIEDADE E CULTURA
1666	Feliciana Noboa nomea herdeiro ao seu home, Antonio Boán Araúxo			
1680	Antonio Boán Araúxo testa a favor do sobriño da súa muller, Atanasio Gallego			
1816	Nace Vicenta Sotelo Puga, avoa paterna de Otero Pedrayo, de quen herdará a casa de Trasalba Nace, en Lugo, Antonio Otero Rodríguez, avó paterno do escritor (non chegou a coñecelo)			Elixido o primeiro Reitor segrar da Universidade de Santiago, D. José Lamas Pardo
1822	Nace Ramón Pedrayo Silva, avó materno do escritor		Un Real Decreto divide Galicia en catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Máis tarde constituíranse as catro Deputacións Notable actividade de partidas realistas dirixidas por fidalgos e clérigos por gran parte da Galicia interior	
1826	Nace Antonia Ansoar, avoa materna do escritor		O chamado Censo de Policía establece unha poboación para Galicia de aproximadamente 1.600.000 almas	
1844	Ramón Pedrayo Silva, avó materno do escritor, comeza a exercer a avogacía		O xeneral Ramón Mª Narváez permite o regreso a Compostela do prelado Rafael Vélez, destacado carlista, e do seu bispo auxiliar e secretario	Suspensión da venda dos bens desamortizados P. Madoz cifra en 1.720.929 os habitantes de Galicia

INDICE DA ANÁLISE HISTÓRICA-CULTURAL:

1. **A modo de introdución**
2. **A Casa Grande de Cimadevila, un pouco de historia**
3. **Trasalba no século XX, moito máis que Otero Pedrayo**
4. **Cimadevila, o exilio interior**
5. **Trasalba, espazo recreado**
6. **Literaturización, no exterior da Casa de Cimadevila**
7. **Literaturización, no interior da Casa de Cimadevila**
8. **Literaturización, na contorna da Casa**
9. **Trasalba tras o pasamento do escritor : Creación da Fundación Otero Pedrayo como "manda" do legado testamentario de D. Ramón.**
10. **Adhesión dos Premios Trasalba apoiando a declaración da casa como BIC.**
11. **Contexto cronolóxico, histórico e cultural.**

ANÁLISE ARQUITECTÓNICO, TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO:

Iago Seara Morales_ profesor arquitecto (Universidade da Coruña).

Juan Orozco Corredoira_arquitecto Colaborador

